



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · wwwconcellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE NOVEMBRO DE 2015.**

### **ASISTENTES:**

Presidente:  
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO  
D.<sup>a</sup> MONTSERRAT HERMIDA MONTERO  
D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN  
D.<sup>a</sup> LAURA PIÑEIRO MONTES  
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ  
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO  
D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTÍN  
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e cinco de novembro de dous mil quince baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE OUTUBRO DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e nove de outubro de dous mil quince.

Polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy dise que na páxina doce da acta na resposta do Sr. Alcalde, á pregunta de cando se instalarían os puntos de luz solicitados? A resposta do Sr. Alcalde foi que se instalarían no primeiro semestre do ano 2016.

Non se formulando ningún outro tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior, o Pleno municipal aproba a acta da sesión anterior por unanimidade.

## 2. SORTEO MEMBROS DAS MESAS. ELECCIÓN XERAIS 2015.

De seguido procédese ao sorteo por medios informáticos das mesas electorais, con motivo da realización das Eleccións Xerais 2015, co seguinte resultado:

### MESA A

#### EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES (BIBLIOTECA) (CAPELA (A) SANTIAGO)

DNI	NOME	CARGO
47 765 546C	EVA PESQUERA SOLE	Presidenta
76 406 137E	ARTURO PAZ REDONDO	1º Vogal
32 606 415M	ANTONIO FDEZ. HERMIDA	2º Vogal
32 652 940R	PILAR SABIN ADEGA	1º Suplente de Presidente
32 624 965V	JOSEFINA LÓPEZ BARRO	2º Suplente de Presidente
76 411 294G	MANUEL PÉREZ PAZ	1º Suplente de 1º Vogal
32 706 618C	ELISABETH PÉREZ LÓPEZ	2º Suplente de 1º Vogal
32 713 026B	SAMUEL ANDRÉS ANTÓN FDEZ.	1º Suplente de 2º Vogal
76 569 385Q	LUIS MIGUEL LÓPEZ VÁZQUEZ	2º Suplente de 2º Vogal

### MESA B

#### ALBERGUE DO BARREIRO (CABALAR SANTA MARIA)

32 612 932J	ANTONIO GÓMEZ CORRAL	Presidente
32 662 682Z	JUAN CARLOS CALVO ARNOSO	1º Vogal
32 706 207T	PATRICIA QUINTIA VILAR	2º Vogal
32 709 787S	JUDIT RODRIGUEZ CALVO	1º Suplente de Presidente
32 669 296G	MARINA BOUZA COUCE	2º Suplente de Presidente
32 601 774X	ROMAN PÉREZ CASAL	1º Suplente de 1º Vogal
32 594 933T	JOSÉ MANUEL RGUEZ. FILGUEIRAS	2º Suplente de 1º Vogal
32 677 406H	M. CARMEN CALVO RODRIGUEZ	1º Suplente de 2º Vogal
76 417 514Z	ROSA M. GABEIRAS SALGADO	2º Suplente de 2º Vogal

## 3. POS 2016. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente das bases reguladoras do POS 2016 que achega ao Concello da capela unha asignación de 125.493,40€, a proposta da Alcaldía xa presentada na Comisión informativa de asuntos do pleno é destinar o 50% desa cantidade ao financiamento do gasto corrente 62.746,70€ e o restante 50% á execución da obra denominada "Obras de pavimentación do camiño de Canceira Grande a Sande", tamén polo importe de 62.746,70€.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que non se contou coa oposición nin cos veciños para a elaboración deste plan e que tratándose do único investimento que se fai no ano os cartos dos dous planes POS 2016 E PAS 2015 debería propoñerse un proxecto máis ambicioso e de futuro para A Capela, xa que todas as obras de mantemento podían facerse mediante convenios.

Remata a súa intervención dicindo que esa é a idea do seu grupo e que é a mesma que para o Plan PAS 2015.

Polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, pregúntase ao Sr. Alcalde a qué partidas se destinarán a cantidade correspondente para gasto corrente? Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que para o financiamento dos servizos públicos como abastecemento de auga, recollida de RSU, iluminación pública etc.

Dí estar de acordo co voceiro de AIAC, no sentido de que hai que tomar A Capela en serio e tratar de reactivala e darlle un impulso cuns orzamentos que na actualidade semellan planos e de copia e pega dun ano para outro, e neste sentido dí que hai que ser máis ambiciosos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que na zona de Cabalar e San Boulo, non se investiu nada con cargo ao POS. Respondéndolle o Alcalde-Presidente que no Plan POS 2016 e PAS 2015 contempláanse prioridades.

Remata o debate coa intervención do voceiro do Grupo de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para reiterar que estas obras pequenas e de mantemento que se propoñen para o POS 2016 e PAS 2015 podían conseguirse mediante convenios e co diñeiro destes dous planes podía facerse un proxecto máis ambicioso para A Capela.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres./Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal do P S de G - PSOE, 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros de AIAC e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto - PP), adopta o seguinte acordo:

1. Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto Total
Obras de Pav. do camiño de Cancela Grande a Sande	62.746,70€	0	62.746,70€
Subtotal obras /Subministracións	62.746,70€	0	62.746,70€

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídas na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	62.746,70€
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	<b>62.746,70€</b>

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Presuposto total
Subtotal obras/Subministracións	62.746,70€	0	62.746,70€
Subtotal gastos correntes	62.746,70€	0	62.746,70€
<b>Total</b>	<b>125.493,40€</b>	<b>0</b>	<b>125.493,40€</b>

2. Non aprobar o Plan Complementario do ano 2016.

3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal de 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade 2016 se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### 4. PAS 2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente das Bases reguladoras do Plan de Acción Social PAS 2015 que achega a cantidade de 171.127,37€; o 60% destinarase a investimento financeiramente sostibles de carácter social e o 40 % restante a outros investimentos financeiramente sostibles.

A proposta da Alcaldía que foi informada favorablemente na Comisión Informativa da Asuntos do Pleno contempla a inclusión das seguintes obras:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou Subministración	Deputación	Concello	Orzamento Total
Obras de rehabilitación e conservación na Casa da cultura e biblioteca municipais	66.072,99€	0	66.072,99€
Obras de rehabilitación e conservación nos edificios do Complexo Polideportivo e no ximnasio e piscinas Municipais	36.603,43 €	0	36.603.43€
Subtotal investimentos de carácter social	102.676,42€	0	102.676,42€

B) Outros investimentos financieramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento Total
Obras de rehabilitación e conservación na Casa do Concello	68.450,95€	0	68.450,95€
Subtotal outros investimentos	68.450,95€	0	68.450,95€

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, remítese ao xa manifestado no punto anterior do debate do POS 2015.

Polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy pregúntase ao Sr. Alcalde que nas bases do PAS 2015 aparece tamén para o Concello da Capela o camiño do Mosteiro de Caaveiro por un importe que ascende á cantidade de 18.854,49€.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndase que se trata dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña que non se puido asinar o convenio no seu momento xa que os informes de Patrimonio e conservación da natureza non foron favorables, polo tanto presentárase un novo proxecto de senda peatonal de madeira de aproximadamente 2 m. de ancho e que chegue ata o propio Mosteiro de Caaveiro.

Sometido o asunto a votación, o pleno do Concello por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres/Sras Concelleiros/as do Grupo Municipal do P S de G - PSOE, 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros de AIAC, e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto - PP), adopta o seguinte acordo:

1. Participar no Plan de Acción social (PAS) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

<b>Denominación da obra ou Subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Obras de rehabilitación e conservación na casa da Cultura e Biblioteca Municipais	66.072,99€	0	66.072,99€
Obras de rehabilitación e conservación nos edificios do Complexo Polideportivo e no Ximnasio e Piscinas Municipais	36.603,43€	0	36.603,43€
Subtotal investimentos de carácter social	102.676,42€	0	102.676,42€

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Obras rehabilitación e conservación na Casa do Concello	68.450,95€	0	68.450,95€
Subtotal outros investimentos	68.450,95€	0	68.450,95€

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Subtotal Investimentos carácter social	102.676,42€	0	102.676,42€
Subtotal outros investimentos	68.450,55€	0	68.450,55€
Total	171.127,37	0	171.127,37€

2. Non aprobar o Plan Complementario.

3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos e que ten resolto o relacionando coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## **5. ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2016. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do proxecto de orzamento municipal para o exercicio 2016, que ascende tanto en ingresos coma en gastos á cantidade de 1.240.000€, cumprindo coa estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, sinala que o Concello da capela non ten débeda e que o teito de gasto fíxase na cantidade de 1.261.432,36€.

Da conta dos principais aspectos do presuposto de gastos que son:

- consígnase a derradeira anualidade da modificación nº 2 do PXOM, que ascende á cantidade de 19.832,21 €.

- Consígnase 20.000 € para o Convenio co Concello de Cabanas de prestación dos servizos do arquitecto municipal que para o ano 2016 agárdase pasar á xornada completa; a estes efectos o arquitecto municipal levaría todas as direccións de obras municipais e redaccións de pequenos proxectos.

- En canto a persoal funcionario e laboral incrementanse as retribucións no 1 % de acordo co establecido nos Presupostos Xerais do Estado e devólvese o 50% da paga extra e adicional retida no 2012. Así mesmo regúlanse os días de libre disposición e vacacións por antigüidade.

- Consígnanse as cantidades correspondentes a todos os contratos de prestación de servizos que ten asinados o Concello da Capela.

- Sulñábase o incremento das partidas de servizos sociais, dependencia e axuda no fogar que ascenden á cantidade de 203.000€.

- Inclúense no orzamento as obras correspondentes aos plans POS 2016 e PAS 2015.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente expresando o seu agradecemento ao Secretario - Interventor e á funcionaria de contabilidade pola excelente presentación dos documentos do orzamento 2016.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo para manifestar que o proxecto do orzamento para o exercicio 2016 é o mesmo que outros anos, vese que non hai un proxecto para A Capela e habería que facer un cambio de tendencia e redactar un proxecto de presuposto máis ambicioso. Neste senso fala o voceiro do Grupo Municipal de AIAC do proxecto de rede de sumidoiro nos Calzados para facer alí un parque industrial ou agrícola que sería bó para o emprego na Capela, e mesmo a negociación con Gas Natural para o tema da vivenda social.

Remata a súa intervención manifestando que os presupostos son continuistas e veñen a ser unha repetición dos do derradeiro ano. Dá parabéns á Secretaría - intervención pola completa presentación do documento.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, para expoñer, que os orzamentos de 2016 son continuistas e veñen a ser un copia e pega dos de 2015, polo menos polo que atinxe ao estado de gastos. Dí que non reflexan o que A Capela necesita e que hai que facer máis xestión.

Dá parabéns a Secretaría- Intervención pola presentación completa do documento presupostario, e apunta os seguintes aspectos:

- Considera que o persoal do concello (11 traballadores) é excesivo para o presuposto co que conta o Concello, xa que supón un gasto de aproximadamente o



30 % do total, dí que os impostos e taxas practicamente non se soben dende hai máis de 10 anos, e que con respecto ao abastecemento de augas e xestión de residuos habería que optimizar o que vai a sogama, e no tema da auga intentar a lo menos dobrar o número de usuarios, polo tanto trátase de cuestións de xestión.

Fala así mesmo o voceiro do Grupo Mixto - Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, que se deben explorar outras alternativas no que se refire aos servizos sociais, xa que o gasto de 203.000€ é considerable, dí que unha das alternativas podería ser un centro de día.

Polo que respecta a escola de música sulíña que cos cartos da Capela vén xente doutros concellos, engade que se debería ter un plan prioritario de arranxo das vías públicas e fai mención do abandono de certas zonas do Concello de A Capela como a parroquia de San Boulo.

Remata a súa intervención reiterando que os presupostos son de copia e pega non hai unha xestión eficaz, polo que se propón unha ruptura total co rumbo que ten A Capela e facer un proxecto de futuro, que debe basearse no potencial turístico do Concello, xa que o tema industrial é auga pasada.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóntase que o equipo de goberno presenta un presuposto para a realidade da Capela, é certo que se o Concello dispuxera de máis diñeiro poderían facerse moitas máis cousas, dí ademais que pese ao afirmado polos voceiros da oposición da crise aínda non se saíu.

Polo que respecta á rede de sumidoiro dos Calzados dílle ao voceiro do Grupo Municipal de AIAC que foi unha proposta do Concelleiro D. José Seco do Partido Popular, e que o Concello non pode destinar os seus recursos para investimento de 5 anos nunha soa obra, xa que a memoria que se redactou ao efecto no seu día ascendía aproximadamente a un millón de euros, o custo da obra.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que non é partidario de subir impostos en época de crise e tampouco de externalizar servizos que ao longo saen máis caros. Polo que respecta á taxa do lixo pode que no momento de implantación do servizo fose cara, pero hai que ter en conta que fai dous anos sogama subiu o 35% do custo do servizo de tratamento que asumiu o concello.

Con respecto á escola de música dí que o concello non é deficitario, xa que só se lle paga á empresa que presta o servizo de docencia o que se recauda, o concello só corre cos gastos de subministros e mantemento. Dí así mesmo que con respecto aos servizos sociais, centro de saúde e colexio ao concello iríalle moito mellor se a Comunidade Autónoma asumira as competencias que lle pertencen por lei, xa que daquela o concello podería dispoñer de aproximadamente 100.000 € para outros gastos.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente, estar de acordo co manifestado polo voceiro do Grupo Mixto - Partido Popular, de que A Capela téñ que apostar polo turismo e que con respecto ao parque das Fragas do Eume a Xunta téñ que negociar cos veciños

Remata a súa intervención manifestando que os fondos de que dispón o Concello son limitados e que se intenta facer un reparto equitativo dos mesmos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que polo Sr. Alcalde-Presidente sempre se pon a disculpa da crise para facer só obras de mantemento e expresa que a proposta da rede do sumidoiro nos Calzados é unha idea a ter en conta, así como dun posible parque agrícola a instalar alí non industrial.

Polo voceiro do Grupo Mixto - Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, dise que con respecto ao tema da crise é evidente que se está mellor que hai catro anos e que hai que xestionar dunha forma distinta os servizos, neste senso fálase dunha mellor xestión dos residuos sólidos urbanos e da auga.

Suliña que o motor que debe dinamizar A Capela é o Parque das Fragas do Eume e que nestes presupostos non aparece ningunha partida; refírese ademais que figuran consignacións para o equipo de goberno en concepto de axuda de custo por importe de 10.300 €, pero que do mesmo xeito se nega a consignación de diñeiro por asistencia a plenos tal e como pediu o Grupo Mixto - Partido Popular.

Remata a súa intervención dicindo que os gastos propostos son necesarios e razoables pero hai que facer máis xestión e dar un paso á fronte. Anuncia o seu voto negativo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da corporación, por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres. /Sras. Concelleiros/as do Grupo Municipal do P S de G-PSOE e 3 votos en contra dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto - PP), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o límite de gasto non financeiro (teito de gasto) para o exercicio 2016 que ascende á cantidade de 1.261.432,36€.

2º. Aprobar o orzamento para o exercicio 2016 que comprende os seguintes

## ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<b>1. OPERACIÓNS NON FINANCIADAS</b>		
<b>1.1 OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Gastos de persoal	339.427,10 €
2	Gastos Corr. Bens e Serv.	634.698,83€
4	Transf. Correntes	28.000,00€
<b>1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Inversións reais	237.874,07€
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1. 240.000,00€</b>

## ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>1. OPERACIONES NON FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRENTES</b>	
1	Impostos Directos	236.700,00€
2	Impostos Indirectos	10.000,00€
3	Taxas, prezos públicos e outros	169.945,07€
4	Transferencias correntes	588.980,86€
5	Ingresos patrimoniais	500,00€
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
7	Transferencias de capital	233.874,07€
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>		<b>1.240.000,00€</b>

3º. Aprobar a plantilla de persoal e relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o mencionado exercicio.

4º. Expoñelo ao público no BOP, por un prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co preceptuado no artigo 169.1 do RDL 2/2004 do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

5º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e taboleiro de anuncios do concello, xuntamente coa plantilla de persoal e relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do RDL 781/86 do 18 de abril, e artigo 169.3 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, que aproba o TRLFL.

6º. Que de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL deberá remitirse copia do orzamento aos organismos competentes da Administración do Estado e Autonómica.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas vinte e catro minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López



O Secretario,

José A. Meizoso Paz

